

PROGRAMA

MIGUEL BROTONS

Metáforas (2005)

- I. Nacemento
- II. Inquietudes e vicisitudes
- III. Renacemento

JUAN DURÁN

O soño de Breogán (2008)

1. Mencer en Gal
2. Os espellos da fin do mundo
3. Expedición e vitoria

JULIO MONTERO

Sinfonía Nº 1 (2008)

1. Puerto de Bristol
2. Buque Adelaída
3. Piratas de Cornualles
4. Ensenada de Corme
5. Iglesia de Laxe
6. Piratas de Cornualles II
7. Capitán Dovel
8. Muerte del Comisionado
9. Monedas de Oro
10. Tripulantes Mutilados
11. Cadáveres abrazados

PAULINO PEREIRO

Ragtime Op. 13a (1984-1999)

- Parte I A travesía
6. A travesía.
 7. Caniga de saudade.
 8. En alta mar.
- Parte III As Illas e o regreso
9. A bata Graciosa
 10. Malope e as súas xentes
 11. Os descontentos
 12. Asasinato
 13. A erupción e o eclipse
 14. Rumbo ao Norte polo Ecuador
 15. A boa xente de Manila e a transfiguración de dona Isabel

JUAN PÉREZ BERNÁ

A imprudente travesía de

Isabel de Barreto, poema
sinfónico-ballet (estrea)
(Xullo-Outubro de 2009)

Parte I A partida dende O

Callao

1. A procesión descendía
dende a Catedral con gran
pompa, o xeneral e a súa dona
precedidos de frailes.
2. Os cánticos cesaron preto
do peirao onde os nosos
músicos atacaron vivamente
pifanos e tambores.
3. E bandas rivais de músicos
tocaban nos barcos e no
peirao.
4. Alzose o estandarte real e o
deán bendixo ao San
Gerónimo.
5. O capitán de artillería
ordenou que falcones e
falconetas iniciaran as salvas
que foron respondidas dende
outras naves e dende o peirao
con grande alborozo.

JOSÉ RODRÍGUEZ RAMOS (director)

Naceu en Araño (Rianxo). Iniciou os seus estudos musicais en Francia á idade de sete anos. Completou os estudos superiores de trompeta e iniciou os de piano nos Conservatorios Superiores de Música de A Coruña e Santiago co maestro Maximino Boga. Sigue con asiduidade os cursos de perfeccionamento da trompeta cos profesores José María Orti e Benjamín Moreno.

En 1987 pasa a formar parte da Banda Municipal de Música de Santiago. En 1990 ingresou por oposición na Banda de Música Municipal de A Coruña donde permaneceu ata 2003. Desde esa data é profesor de trompeta do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

Como trompetista ten actuado coa Orquesta de Cámara de A Coruña, Banda Sinfónica de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Filarmónica de Santiago, Coruña Brass, Grupo de Metales Santa Cecilia e Grupo de Metales de Santiago.

Como profesor de trompeta impartiu clases nos Conservatorios de Música de Ferrol, Vilalba, Obradoiro da Coruña e na Escola de Música de Catoira.

Foi ademais director da Banda de Música de Vilalba.

Na actualidade é membro fundador do Grupo de Metais de Galicia, profesor do Conservatorio de Música Profesional de A Coruña ademais de director da Banda Artística de Merza.

Organiza



ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Patrocina



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Colaboran



Consello de
Vilagarcía de Arousa
Consejo de Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Conservatorio Profesional de Música de Corde



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CATUS

CONCERTO

CICLO XV

ASOCIACIÓN GALEGA DE COMPOSITORES

Banda Artística de Merza

José Rodríguez Ramos
director

PROGRAMA


Sábado 25 de setembro
[21.00 horas]



Concello de
Vilagarcía
de Arousa

Auditorio de Vilagarcía





BANDA ARTÍSTICA DE MERZA

A sabedoría popular data o nacemento desta agrupación en 1828, o que convérte a esta agrupación popular na máis antiga de Galicia. O primeiro director do que se ten constancia foi Anselmo González ó que sucedería o seu neto Roxello Otero.

Ao longo da súa dilatada traxectoria foron moitos os directores que pasaron pola Artística, entre os máis destacados figuran: Xosé Fluza, Francisco Beristain, Enrique González, Rafael Aladrén, Feliciano Cagide, Francisco Ortega, Enrique García Rey, Antonio Castro, Amadeo Valero (subdirector da Banda del Generalísimo), Antonio Amigo, Alejandro del Río, Miguel de Santiago, Vicente Paniagua, Xurxo Guzmán, Serge Fortín e José Rodríguez Ramos, actual director. Do mesmo xeito interviron diferentes directores convidados como poden ser Marcel Van Bree, Carlos Seráns, Xosé Casal ou Xosé Manuel Collazo.

A Banda Artística de Merza ten actuado por toda a xeografía galega, parte do Estado (Asturias, Cantabria, Valencia e Alacante) e Portugal, sen esquecer as xiras realizadas por Venezuela, Argentina e Italia ou a súa participación no Concurso Mundial de Bandas en Kerkrade (Holanda) en 2009.

Teñen editados cinco discos: 1981 editou o seu primeiro disco titulado "Bandas Galegas (1981)", "171 Anos de Tradición Musical" (1988), "Aniversario" (2003), "A Música de Merza. Solistas" (2010) e "Un século de certames" (2010).

A finais dos anos 70 comeza a traballar a Escola de Música da Banda. Na actualidade, e en colaboración co Concello de Vila de Cruces, conta cun claustro de 14 profesores que atenden a máis de 100 alumnos, garantizando así a actividade musical. Desde o ano 1998 conta coa Banda Xuvenil da Artística de Merza, reflexo do traballo realizado por mestres e alumnos.

Entre os galardóns acadados por esta banda destacan os primeiros premios no Certame de Bandas de Música de Santiago de Compostela (1910); III, IV e VI Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación de Pontevedra (2003, 2004 e 2006); XXXIII e XXXV Certamen Internacional de Bandas de Música Vila D'Altea (2004 e 2006); ou I e III Certame Galego de Bandas de Música (2007 e 2009).

Miguel Brotons (Alacante, 1965)

É Profesor Superior de Música polo Conservatorio Superior "Óscar Esplá" de Alacante con Premio Extraordinario e Conservatorio Superior de A Coruña.

Dentro da súa faceta como compositor destacan "A morte da nai", "La importancia", "Pontedeume un cantar", "Huellas Sonoras", "Narón Terra de Trasnacos", "Os sons da Memoria Histórica", "In Memoriam", "Amalgamas", "Waldhorn", etc.

Na actualidade é profesor de Enseñanza Secundaria no IES Concepción Arenal, actividade docente que compaxina coa interpretación, dirección e creación musical.

O Patronato de Cultura do concello de Alacante e a Xunta de Galicia gravaron parte da súa obra musical nas edicións discográficas "Con Música Propia" (2008) e "Perspectivas" (2009).

Juan Durán (Vigo, 1960)

Membro fundador da AGC. Foi profesor do Conservatorio da Coruña de 1987 a 1997. Actualmente pertence ao Corpo de Inspectores de Educación na especialidade de Ensinanzas Artísticas.

Ten escrito música orquestral, para banda, camerística, vocal e escénica, nun catálogo de preto do centenar de obras. Recibiu distintos encargos entre os que destacan os da Orquestra Sinfónica de Galicia ("Cantiga Finisterre para múltiples voces de luz"), ou a Real Filharmonía de Galicia ("Diversimento" e "Fanfarrias Xacobeas").

Son de sinalar os seus traballos compositivos sobre o patrimonio histórico galego, como orquestracións, variacións e arranxos de compositores como Montes, Baldomir ou Gaos, destacando a reconstrución da ópera "Inés" e "Blanca", de Marcial del Adalid, por encargo do IGAEM.

É Premio da Crítica de 2009 pola súa traxectoria musical culminada coa estrea da súa ópera "O arame", con texto de Manuel Lourenzo.

Julio Montero

Comeza a súa carreira musical ós 18 anos. Realizou un Posgrao en Piano coa catedrática Mariña Shamagian. Trasládase ao Real Conservatorio Superior de Música de Madrid para finalizar Composición co mestre Antón García Abril. Asistiu a cursos de composición con Teresa Catalán,

Agustín Charles, Anxo Oliver, Magnus Lindberg, Leonardo Balada e Samuel Adler...

Ten realizado obras para distintas agrupacións desde o piano solista ata a orquestra sinfónica. No campo do audiovisual compuxo bandas sonoras para diversas curtametraxes e teatro. O Hífest de Los Angeles encomia na súa web a súa música orixinal para o filme Panta Rei. É membro da Asociación Galega de Compositores.

Poste os títulos superiores de Piano, Cámara, Solífezo e Composición. Desde o ano 98 é profesor no Conservatorio de Ourense onde imparte Análise e Novas Tecnoloxías.

Paulino Pereiro (A Coruña, 1957)

Compositor de música sinfónica e de cámara, cun catálogo de 205 obras. A súa música intérprese en países de Europa e América. Participou na creación da Asociación Galega de Compositores da que foi presidente. Como compositor de música escénica realizou, entre outros, os traballos (finalistas do premio María Casares): "O barbeiro de Sevilla. Op. 65" e "Cyrano de Bergerac. Op. 72" (ambas gravadas en cedé pola OSG, baixo a dirección de Alejandro Posada). Entre as súas estreas sinfónicas salientan: "Sinfonía nº 1, Paisaxes imaxinarias. Op. 62" (OSG, dirixida por Antoni Wrt), "O inferno de Dante. Op. 61" (Real Filharmonía, Antoni Ros Marbá), "Orfeo e Dionisos. Op. 67" (Real Filharmonía, Maximino Zumalave), "Ceo. Op. 54" (OS, Eiji Oue).

Como escritor publicou obras de variados xéneros (ensaíos sobre música, teatro, novelas, poesía, libros de relatos e traducións.

Juan Pérez Berná (Albatera, Alicante, 1971).

Actualmente profesor do IES Ramón Otero Pedrayo da Coruña, é Titulado Superior de Música (1991), Licenciado en Xeografía e Historia (1996) e doutor en Historia da Arte-Área de Música pola Universidade de Santiago de Compostela (2008). Ten no seu haber publicacións sobre etnomusicoloxía, dous libros de texto para secundaria e varios artigos en publicacións especializadas.

Como director de orquestra destaca as súas dedicación ao repertorio sinfónico-vocal tanto escénico como relixioso ("Misa Scala Aretina" de F. Valls, Palacio da Radio de Bucarest, 1998). Como compositor o seu catálogo abrangue máis de 40 títulos entre os que destaca "Villancico Extrafino. Retablo escénico en catro cadros" (Ed. Dos Acordes, 2009). Actualmente ocupa a secretaría da AGC.